EXERCICIOS E ACTIVIDADES DA SECCIÓN 6ª

Os textos que veñen a continuación utilizan ou supoñen nocións estudadas nesta sección. Debes lelos con atención e despois responder ás preguntas que se formulan en cada caso. Finalmente podes comparar as túas respostas coas que encontrarás ao posteriormente no apartado de "solucións".

1. "O organismo humano manifesta unha enorme plasticidade na súa relación ante as forzas ambientais que operan sobre el, o que se advirte particularmente ao observar a flexibilidade da constitución biolóxica do home cando está sometida a unha variedade de determinacións socioculturais. (…) Noutras palabras, non hai natureza humana no sentido dun substrato establecido bioloxicamente que determine a variabilibilidade das formacións socioculturais. Só hai natureza humana no sentido de certas constantes antrópolóxicas (por exemplo, a apertura ó mundo e a plasticidade da estrutura dos instintos) que delimitan e permiten as súas formacións sociocultuculturais. Pero a forma específica dentro da que se moldea esta humanidade está determinada por ditas formacións socioculturais e ten relación coas súas numerosas variacións. Se ben é posible afirmar que o home posúe unha natureza, é máis significativo dicir que o home constrúe a súa propia natureza ou, máis sinxelamente, que o home se produce a si mesmo." (P. Berger e T. Luckmann, *A construción social da realidade*.)

   a) Cales son segundo os autores as características da natureza humana e que implican para a súa vida?
   b) Que outras determinacións restrinxen a liberdade humana?

2. "Actos propiamente morais soamente son aqueles nos que lle podemos atribuír ao axente unha responsabilidade non só polo que se propuxo realizar, senón tamén polos resultados ou consecuencias da súa acción. Pero o problema da responsabilidade moral atópase estreitamente ligado, ao mesmo tempo, ao da necesidade e liberdade humanas, pois só se se admite que o axente ten certa liberdade de opción e decisión cabe facelo responsable dos seus actos. ¿Cando se pode afirmar que un individuo é responsable dos seus propios actos ou se pode eximir total ou parcialmente da súa responsabilidade? Dende Aristóteles contamos xa cunha vella resposta a esta cuestión; nela sinálanse dúas condicións fundamentais:
   a) Que o suxeito non ignore as circunstancias nin as consecuencias da súa acción; isto é,que a súa conduta teña un carácter consciente.
   b) Que a causa dos seus actos estea nel mesmo (ou causa interior), e non noutro axente (ou causa exterior) que o obrigue a actuar, en certa forma, pasando por riba da súa vontade: ou sexa, que a súa vontade sexa libre.
   Así pois, só o coñecemento, por un lado, e a liberdade, por outro, permiten falar lexitimamente de responsabilidade. Pola contra, a ignorancia, dunha parte, e a falta de liberdade, doutra (entendida aquí como coacción) permiten eximir ao suxeito da responsabilidade moral." (A. Sánchez Vázquez: *Ética*)

   a) Que actos humanos son propiamente morais?
   b) Cales son as condicións necesarias para poder atribuír responsabilidade moral a un axente?

3. "Se un home me apunta cunha pistola na cabeza, a min aínda me queda a posibilidade de preferir non lle obedecer, pero iso non impide, se finalmente actúo como el quere, que non sexa verdade que se me está coaccionando. E se as circunstancias son tales (...) haberá que concluír que de ningún xeito son moralmente responsable da acción que me obrigaron facer.
(…) En canto ós seus roubos, un cleptómano non actúa libremente, porque nel non se produce ningún proceso para decidir se rouba ou non. Ou mellor aínda, pouco importa se se dá este proceso porque non afecta para nada á súa conduta. Decida o que decida, roubará de tódolos xeitos. Este feito distíngueo dun ladrón ordinario."
(A. J. AYER: *Liberdade e necesidade*)

a) Explica se nestes dous casos se pode falar de actos morais.
b) Que diferenza hai entre un cleptómano e un ladrón?

4. "Dostoievsky escribiu: "se Deus non existe, todo está permitido"… En efecto, todo está permitido se Deus non existe e, en consecuencia, o ser humano está abandonado, porque non atopa nin en si nin fóra de si nada a que agarrase. Non atopa ante todo escusas. Se en efecto a existencia precede á esencia, non se poderá xamais explicar por referencia a unha natureza humana dada e fixa; dito doutro xeito, non hai determinismo, o ser humano é libre, é liberdade. Se, por outra parte, Deus non existe, non encontramos fronte a nós valores ou normas que lexitimen a nosa conduta. Así, non temos nin detrás nin diante de nós, no dominio luminoso des valores, xustificacións ou escusas. Estamos sos, sen escusas. É o que expresarei dicindo que o ser humano está condenado a ser libre. Condenado, porque non se creou a si mesmo, e, non obstante, libre, porque unha vez arroxado ao mundo é responsable de todo o que fai… O ser humano, sen ningún apoio nin socorro, está condenado en cada instante a inventarse a si mesmo". (J. P. Sartre)

a) Explica por que di Sartre que estamos condenados a ser libres.
b) Cales son para o autor as consecuencias de tal liberdade?

5. "Resulta innecesario engadir que a socialización primaria comporta algo máis que unha aprendizaxe puramente cognoscitiva. Efectúase en circunstancias de enorme carga emocional. Existen certamente bos motivos para crer que sen esta adhesión emocional ós outros individuos significantes, o proceso de aprendizaxe sería difícil, cando non imposible. O neno identifícase cos outros significantes nunha variedade de formas emocionais; pero sexan estas cales sexan, a internalización prodúcese só cando se produce a identificación. O neno acepta os roles e actitudes dos outros significantes, ou sexa que os internaliza e apropia. E por esta identificación cos outros significantes o neno vólvese capaz de identificarse el mesmo, de adquirir unha identidade subxectiva, coherente e plausible. (...)
A socialización primaria crea na conciencia do neno unha abstracción progresiva que vai dos roles e actitudes doutros específicos ós roles e actitudes en xeral. Por exemplo, na internalización de normas existe unha progresión que vai dende 'mamá está enfadada comigo agora' ata 'mamá enfádase comigo cada vez que derramo a sopa'. A medida que outros significantes adicionais (pai, avoa, irmá

maior, etc.) apoian a actitude negativa da nai con respecto a derramar a sopa, a xeneralidade da norma esténdese subxectivamente. O paso decisivo vén cando o neno recoñece que todos se opoñen a que derrame a sopa e a norma xeneralízase como 'un non debe derramar a sopa', na que 'un' é el mesmo como parte da xeneralidade que inclúe, en principio, todo aquilo da sociedade que resulta significante para o neno. Esta abstracción dos roles e actitudes doutros significantes concretos denomínase o outro xeneralizado. A súa formación dentro da conciencia significa que agora o individuo se identifica non só con outros concretos,senón cunha xeneralidade doutros, ou sexa, cunha sociedade." (P. Berger e T.Luckmann, *A construción social da realidade*.)

a) Como explican os autores o proceso de socialización primaria?
b) Como explican a xeneralización ou universalización das normas?

6. "A autonomía moral non lle vén dada ó suxeito, senón que ha de construíla (...) A autonomía da razón práctica foi, sen dúbida, o logro máis característico da Ilustración, sobre o que a modernidade edificou o torreón máis formidable do seu programa: a autoconstitución do suxeito moral. Con esta adquisición a ética acadaba o seu estadio adulto e situábase na liña da súa plena, aínda que difícil, madurez. E isto é así porque, como puntualiza Foucault, un acto non pode considerarse "moral" pola súa simple conformidade "a unha regra, a unha lei e a un valor", isto é, pola súa fidelidade ao código vixente na sociedade histórica de referencia, senón que implica tamén necesariamente "unha relación consigo mesmo", que non é simple "conciencia de si" senón "constitución de si mesmo como suxeito moral". E dicir, non chega coa asunción pasiva (heterónoma, como a denominou Kant) dun determinado código moral; resulta imprescindible unha posición activa mediante a que o individuo define dinamicamente a súa relación concreta co precepto, de tal modo que a súa fidelidade valerá como "cumprimento moral de si mesmo", e para iso actúa sobre si mesmo, busca coñecerse, contrólase, próbase, perfecciónase, transfórmase. (J.Rubio Carracedo, *Ética construtiva e autonomía persoal*.)

a) En que consiste, segundo o texto, o logro máis característico da Ilustración?
b) Por que non chega coa asunción pasiva dun determinado código moral?

Solucións:

1. Texto de Berger e Luckmann:
   a) A natureza humana caracterízase, segundo os autores, pola "flexibilidade da constitución biolóxica, plasticidade da estrutura dos instintos e apertura ó mundo". Tales características permiten certa indeterminación biolóxica da conduta humana e, polo tanto, a necesidade de construír a propia natureza ou, máis sinxelamente, producirse a si mesmo: liberdade para inventar a propia vida.
   b) A vida humana está sometida ás determinacións procedentes das formacións socioculturais; pero estas normalmente deixan unha marxe de elección e decisión libre.

2. Texto de A. Sánchez Vázquez:
   a) Só son propiamente morais aquelas accións nas que podemos atribuír ao axente unha responsabilidade non só do que se propuxo facer senón tamén dos resultados.
   b) Só é verdadeiramente responsable dunha acción o axente se é consciente e libre: isto é, se actúa con coñecemento das circunstancias e consecuencias derivables da súa acción, e se actúa sen coacción.

3. Texto de Ayer:
   a) Non son propiamente actos morais. En ambos casos falta a liberdade, que é condición indispensable para que se poida atribuír responsabilidade moral. No primeiro, por coacción externa, e no segundo por presións internas incontrolables.
   b) Un cleptómano non é plenamente responsable dos seus roubos, debido o seu trastorno psíquico, mentres que un ladrón si o sería.

4. Texto de Sartre:
   a) Porque considera que non temos unha natureza humana dada fixa (esencia prefixada) que nos determine; pero ademais considera que tampouco existen uns valores ou normas (prefixados) que lexitimen a nosa conduta, pois Deus non existe; polo tanto temos que elixir e inventar a nosa vida sen poder apoiarnos ou refuxiarnos en nada (nin na natureza nin en Deus).
   b) As consecuencias son á responsabilidade absoluta da nosa vida e conduta. Responsabilidade, que nesta perspectiva, nos esmaga e se fai abafante, xerando angustia existencial.

5. Texto de Berger e Luckmann:
   a) A socialización primaria efectúase en circunstancias de enorme carga emocional, polo que o neno se identifica coas outras persoas significativas para el. Así internaliza as normas.
   b) Por un proceso de abstracción progresiva que vai da identificación cos roles e actitudes doutros específicos aos roles e actitudes do “outro xeneralizado”, e da sociedade finalmente.

6. Texto de Rubio Carracedo:
   a) O autor entende que o logro máis característico da Ilustración foi a conquista da autonomía moral do suxeito, ou dito doutra forma, a autoconstitución do suxeito moral. Con ela a Ética acadou o seu estadio adulto e de madurez, superando a pura heteronomía.
   b) Non basta coa asunción pasiva (heterónoma) dun determinado código moral, pois tal posición mantén ao suxeito na súa minoría de idade. Resulta imprescindible unha posición activa do suxeito na que o individuo define dinamicamente a súa relación concreta co precepto establecido, como cumprimento moral de si mesmo.